

## Procedemento para a elaboración do Plan docente anual (PDA) 2019/2020

(Aprobado en Consello de Goberno do 27/02/2019)

### Consideracións previas

O Plan de financiamento do sistema universitario galego (PFSUG) 2016/2020 establece unha serie de restricións e limitacións que fan necesaria unha actualización dos criterios de elaboración do Plan docente anual (PDA), de acordo co modelo utilizado para a estimación do custo estándar baseado en datos de docencia, incluído no financiamento estrutural das universidades.

Esta norma dá prioridade ás materias de grao, mantendo a posibilidade de asignarlles unha maior carga docente nos primeiros cursos, nos que o alumnado pode precisar unha maior actividade presencial no seu proceso formativo. Este modelo inspírase e amplía as estruturas de grupos previstas na Normativa de organización docente dos títulos de grao aprobada no Consello de Goberno do 27 marzo de 2009 modificada o 17 de decembro de 2009 e 17 de novembro de 2010<sup>1</sup>, que segue vixente. Estas novas distribucións facilitan a elaboración dos horarios docentes dos centros establecendo distribucións semanais repetitivas e evitando a atomización dos horarios do profesorado e estudiantado.

#### 1. Disposicións xerais

O centro deberá realizar o encargo da docencia de cada materia ás áreas de coñecemento e aos departamentos que lles corresponda.

A proposta de grupos deberá ser efectuada polo centro tendo en conta o aumento ou a diminución do número do alumnado nalgún curso e/ou materia. Os aumentos de grupos que propoña o centro deberán estar xustificadas axeitadamente. Para estimar o número de estudantes dunha materia, computarase todo o alumnado de nova matrícula e sumarase o alumnado de segunda e sucesivas matrículas ata un máximo do 20% dos/as estudantes de primeira matrícula de cada materia. Procurarase manter o mesmo número de grupos no mesmo curso, tomando como criterio a media de estudantes das materias do curso. No caso de encargarse a docencia dunha materia a máis dunha área ou departamento, debe especificarse a distribución de horas que corresponder. No caso das materias de grao, o encargo poderá facerse entre as áreas ás que se fixo a adscrición funcional.

No caso de primeira implantación de novos graos ou de modificación de graos, o centro deberá remitir con anterioridade a correspondente adscrición funcional das materias de formación básica.

#### 2. Incremento da docencia presencial do alumnado nas titulacións de grao

Os centros que o consideren necesario poderán aumentar a docencia presencial do alumnado nas materias de formación básica e obrigatorias dos primeiros cursos das titulacións de grao, mediante a redistribución das horas de docencia de titoría en grupos reducidos e tendo en conta uns modelos similares aos seguintes:

---

<sup>1</sup> [http://www.udc.gal/export/sites/udc/normativa/galeria\\_down/profesorado/Organiz\\_grao.pdf](http://www.udc.gal/export/sites/udc/normativa/galeria_down/profesorado/Organiz_grao.pdf)

<b>Materia cuadrimestral de 6 ECTS</b>	<b>Horas de docencia expositiva (HDE) por grupo (GDE)</b>	<b>Horas de docencia interactiva (HDI) / prácticas (HDP) por grupo (GDI/GDP)</b>	<b>Horas/ECTS</b>	<b>Horas/materia (con 1 GDE e 3-4 GDI)</b>
Materias con baixa interactividade	45 (3h/semana)	15 (1h/semana)	10	90-105
Materias con alta interactividade	30 (2h/semana)	24 (2h/semana <sup>2</sup> )	9	102-126
<b>Tamaño do grupo</b>	<b>60-80 estudantes</b>	<b>20-25 estudantes</b>		

A ampliación dos esquemas de organización da docencia permitirán que se poidan establecer modelos diferentes en función do tipo de materia e do curso en que se impartan, axustando desta maneira a estrutura académica ás metodoloxías docentes utilizadas e ás características das materias, así como ao alumnado, de acordo coas memorias de verificación dos títulos. O modelo proposto permite, ademais, facilitar a organización académica da materia mediante unha distribución da docencia semanalmente uniforme ao longo do cuadrimestre.

### 3. Grupos de titorías en grupo reducido

En calquera dos modelos docentes elixidos estableceranse unicamente dous niveis de tamaño de grupo, tendendo en xeral a reducir/eliminar os grupos de titoría en grupos reducidos (de 10 estudantes), agás naquelas materias que xustifiquen a necesidade deste tamaño de grupo (por razóns de seguridade, por exemplo).

### 4. Créditos teóricos e prácticos

O número de horas de docencia expositiva (HDE) non poderá ser inferior ao 50% do número total de horas dunha materia, excepto naquelas materias que xustifiquen a necesidade de máis intensidade de docencia interactiva/prácticas na memoria do título. Neste caso, o número de horas de docencia por crédito ECTS axustarase segundo o modelo do apartado 2.

### 5. Mencións/itinerarios/especialidades

Transitoriamente, non se impartirán as mencións en graos e mestrados con menos de 10 estudantes, agás que se asuma sen petición de prazas; isto é, ningunha área que imparta docencia nelas pode xustificar a necesidade de prazas con base nas horas que imparte na mención.

### 6. Cómputo de disciplinas optativas

Todas as materias optativas terán no PDA unha carga docente equivalente a 7 horas por crédito ECTS.

Nas titulacións cuxa oferta de optativas permita escoller unha entre tres alternativas reducirase, como máximo, a unha de dúas.

<sup>2</sup> Durante 12 das 15 semanas do cuadrimestre.

Na oferta de optativas das titulacións terán preferencia as áreas onde exista capacidade docente suficiente con profesorado permanente.

Non se ofrecerán materias optativas de grao ou mestrado que no curso 2018/2019 tivesen matriculados/as menos de dez alumnos/as (agás que sexan necesarias para garantir a optatividade na titulación).

#### 7. Docencia en materias de formación básica

Antes de contratar novo profesorado para unha área de coñecemento determinada, comprobarase se esta imparte docencia en materias de formación básica. En caso afirmativo, asignarase a docencia das materias de formación básica á/s área/s afín/s que contén con exceso de capacidade. As propostas de asignación serán aprobadas pola Comisión de Organización Académica e Profesorado (COAP) e comunicadas ao centro e departamentos afectados.

#### 8. Oferta de docencia en inglés

O PDA correspondente á oferta de docencia en inglés axustarase ao establecido na Normativa reguladora da docencia en inglés nas titulacións da Universidade da Coruña (aprobada polo Consello de Goberno do 30 de abril do 2015 e modificada no Consello de Goberno do 14 de abril de 2016) que nos artigos 1.5 e 3.3 establece, para a viabilidade dos programas bilingües, o seguinte:

- “En ningún caso, os grupos que se poidan formar para a docencia en inglés suporán a contratación de profesorado”.
- “...o número de estudantes matriculados no primeiro curso do grupo de inglés debe ser como mínimo de 10. Se non se chega a esa cifra para o ano académico correspondente, e non se forma o grupo, os estudantes internacionais cos que hai compromiso de docencia en inglés –e que non queiran mudar ao grupo de galego/español- recibirán a súa docencia a través da modalidade de titorías, que xerará un desconto docente de 15 horas para o profesor implicado.”

Os centros poderán optar entre a creación dun novo grupo para a docencia en inglés ou dar a posibilidade de xerar un número de horas para imputar no encargo docente do profesorado que imparte estas materias. Este recoñecemento sería do 50% das horas presenciais impartidas en inglés. Non poderán crearse novos grupos para a docencia en inglés se non se acredita coa matrícula un exceso de 20 estudantes na capacidade dos grupos.

Os centros deberán marcar na aplicación Xescampus as materias que se imparten en inglés co fin de poder xestionar correctamente a matrícula do alumnado (en Xescampus seleccionar: Planificación de Usuarios -Oferta de estudos en inglés).

#### 9. Docencia a distancia (docencia online)

No PDA das titulacións que contén con materias que se impartan en réxime de docencia a distancia<sup>3</sup>, só se imputarán as horas de actividade presencial.

De acordo coas memorias dos títulos e sempre que estas materias acrediten un mínimo de 10 estudantes na modalidade a distancia, poderase solicitar o equivalente ao 50% en horas lectivas dun único grupo, para ser distribuídas proporcionalmente entre o profesorado encargado desta docencia.

Non poderán crearse novos grupos para a docencia en réxime de semipresencialidade/docencia a distancia se non se acredita coa matrícula un exceso de 20 estudantes na capacidade dos grupos.

---

<sup>3</sup> Titulacións verificadas coa modalidade de docencia a distancia.

## 10. Cómputo das disciplinas nos estudos de mestrado

Todas as materias de mestrado terán no PDA unha carga docente equivalente a 7 horas por crédito ECTS, agás que se xustifique a necesidade legal dunha intensificación docente como pode ocorrer nalgúns titulacións profesionalizantes.

No caso de que un centro ofrezca estudos de mestrado, enténdese que as áreas de coñecemento que teñen adscrita a dita docencia contan con profesorado suficiente e que, por tanto, se fan responsables de garantir que se imparta a docencia planificada ante calquera cambio imprevisto na capacidade docente.

No caso de mestrados interuniversitarios e nos mestrados en que existen materias impartidas por profesorado externo á UDC, as horas que imparte este profesorado non están adscritas a ningunha área de coñecemento, polo que de manterse esta situación no curso académico 2019/2020, deberán deixarse tales horas sen distribuír entre as áreas. As UADI deberán contactar co Negociado de Planificación do PDI co fin de que se dean as instrucións oportunas para poder engadir en Xescampus o profesorado pertencente a outras institucións distintas da UDC e que non figuren na aplicación.

A carga lectiva das ensinanzas conducentes á obtención de títulos de mestrado universitario terase en conta para os efectos da estimación da participación académica da área de coñecemento á que estea adscrita.

No caso dos mestrados interuniversitarios, non se terán en conta no cómputo da carga docente das áreas de coñecemento, para efectos de xustificar a necesidade de prazas de profesorado, as horas impartidas en materias que estean duplicadas (impartidas por profesorado externo á UDC) ou materias con menos de cinco estudantes matriculados na UDC.

O POD dos mestrados universitarios deberá ser aprobado pola súa comisión académica e contar co visto e prace do/a decano/a ou director/a do centro responsable, antes de remitilo á Vicerreitoría de Profesorado e Planificación Docente.

## 11. Novos graos ou mestrados que teñan previsto o seu inicio no curso 2019/2020

Os centros remitirán ao Negociado de Planificación do PDI ou á Vicerreitoría de Profesorado e Planificación Docente a relación de áreas de coñecemento (departamento e área) de cada unha das materias do grao/mestrado, no caso de non telo feito con anterioridade. No caso dos graos, remitirase ademais a adscrición funcional das materias de formación básica a un mínimo de tres áreas de coñecemento, de acordo coa proposta da Comisión Redactora da titulación.

Recoméndase que se remitan as áreas o máis axiña posible co fin de poder cumprir cos prazos de elaboración do PDA.

## 12. *Practicum* en titulacións adaptadas ao EEES

Para o cálculo da participación académica nas materias de *Practicum* teranse en conta as seguintes variables:

1. O número de estudantes matriculados por primeira vez
2. O número de créditos asignados ao *Practicum* no plan de estudos
3. A memoria de verificación da titulación

As horas correspondentes a cada materia serán asignadas ao centro responsable da titulación que as distribuirá na elaboración do PDA entre os departamentos que correspondan.

### 13. Tutorización de traballos de fin de grao (TFG) e traballos de fin de mestrado (TFM)

Os centros deberán revisar no apartado de consultas do PDA en Xescampus os datos do profesorado que titorizou TFG ou TFM entre o 1/01/2018 e o 31/12/2018. As direccións de centro comprobarán que son correctos e no caso de detectar algunha incidencia deberán comunicala á Vicerreitoría de Profesorado e Planificación Docente no momento de elaboración do PDA, para proceder á súa corrección.

Para este fin dispoñen das consultas: *TFG.TFM.DIR "Listaxe dos Directores de TFG/TFM por Centro e Titulación"* e *TFG.TFM.DIR.ALUM "Listaxe Alumnado e Directores de TFG/TFM por Centro e Titulación"*.

### 14. Membros das comisións de avaliación dos TFG e TFM

Os centros deberán revisar no apartado de consultas do PDA en Xescampus os datos do profesorado que participou nas comisións de avaliación de TFG ou TFM entre o 1/01/2018 e o 31/12/2018. As direccións de centro comprobarán que son correctos e no caso de detectar algunha incidencia deberán comunicala á Vicerreitoría de Profesorado e Planificación Docente no momento de elaboración do PDA, para proceder á súa corrección.

Para este fin dispoñen da consulta: *TFG.TFM.COM "Listaxe das Comisións Avaliadoras de TFG/TFM por Centro e Titulación"*.

### 15. Tutorización académica de prácticas externas optativas en empresas e outras institucións

As direccións de centro remitirán á Vicerreitoría de Profesorado e Planificación Docente no momento de elaboración do PDA os datos do profesorado que titorizou prácticas externas curriculares entre o 1/01/2018 e o 31/12/2018. Para isto empregarán o impreso que figura no anexo III.

### 16. Recoñecemento como apoio á actividade docente dos centros (RAADC)

A Vicerreitoría de Profesorado e Planificación Docente enviará ás direccións dos centros os datos relativos á bolsa de horas que lles corresponde segundo os datos facilitados polas vicerreitorías con competencia en cada un dos apartados.

As direccións dos centros deberán incorporar as horas que lles corresponden pola "Tutorización académica de prácticas externas extracurriculares en empresas e outras institucións". Para isto deberá xustificar suficientemente o número de prácticas que foron titorizadas no curso académico 2017/18, e engadir 2 horas por cada estudante que realizase 300 horas de prácticas.

Os centros poderán distribuír do xeito que consideren máis oportuno a bolsa de horas, tendo en conta que a compensación de horas por este apartado é **incompatible con calquera outra redución por xestión e non pode ser aplicada ao PDI a tempo parcial nin aos axudantes**. Os centros, no prazo de elaboración do PDA, farán chegar esta distribución á Vicerreitoría de Profesorado e Planificación Docente empregando o modelo do anexo IV.

### 17. Proxectos fin de carreira (titulacións non adaptadas ao EEES)

Poderase computar ata un máximo de 30 horas por profesor, pola dirección de proxectos fin de carreira, sempre que este non figure como materia con horas atribuíbles no plan de estudos. Para este cómputo teranse en conta os proxectos dirixidos no curso académico 2017/18, computando 10 horas por cada 3 estudantes que teñan o proxecto superado.

## 18. Comunicación da finalización do encargo docente

Os centros deberán confirmar que realizaron o encargo docente á Vicerreitoría de Profesorado e Planificación Docente, empregando principalmente o correo electrónico (**sen necesidade de enviar unha copia impresa**). A Vicerreitoría, unha vez revisado o PDA e confirmados os datos, remitirá unha copia para que sexa asinada polo centro.

Unha vez que se revise a proposta de grupos pola Vicerreitoría de Profesorado e Planificación Docente, esta será incorporada ao POD e comunicarse aos departamentos a apertura do prazo para a asignación do encargo docente.

## 19. Interpretación da norma

A Comisión de Organización Académica e Profesorado, por delegación do Consello de Goberno, será a encargada de dilucidar calquera dúbida ou problema en relación coa interpretación deste procedemento.

## Anexo I

Información da Vicerreitoría de Oferta Académica e Innovación Docente para cubrir o PDA 2019/2020

Faise necesario pedir a colaboración dos centros no procedemento de elaboración do PDA para facilitar outros procesos posteriores relacionados coa xestión académica. A seguir, relaciónanse os datos que se precisan en Xescampus.

### CENTROS

- Mestrado interuniversitario. Necesítase saber as universidades do sistema universitario de Galicia en que se imparte cada materia; engádese na pantalla de “Planificación/Inclusións”.
- Materias que se extinguen ou que non terán docencia, pero nas que existe o dereito a exame (marcar coa característica EX/MX). Márquese esta característica e poñer Grupos 1 (de teoría) e horas 0, para poder asociar un/unha profesor/a no proceso de POD (só actas), que cualifique aos estudantes e asine as actas correspondentes.
- Materias sen docencia nin dereito a exame. Márquese a característica XT/NM, extinguida non matriculable.
- Convocatoria. Asíciase correctamente o cuadrimestre (1.º, 2.º) ou convocatoria anual en cada caso.
- Docencia en inglés. Os centros deberán marcar na aplicación Xescampus as materias que se imparten en inglés co fin de poder xestionar correctamente a matrícula do alumnado.
- Primeiro primeira vez. Sinálese esta condición naquelas materias asociadas aos estudantes de primeiro curso.
- Terase en conta que nas materias optativas que teñan o mesmo código de materia, mais un código de sección distinto (as disciplinas con grupo común para diferentes titulacións do centro) deberá facerse o encargo de docencia na de MENOR código de sección. No caso de que se especifiquen grupos noutros códigos superiores, quedarán anulados.

### CONSECUENCIAS DE NON SEGUIR ESTAS INDICACIÓNS

- Imposibilidade de transmitir información correspondente a mestrados interuniversitarios entre as universidades.
- Actas sen profesor/a que cualifique e asine.
- Matrícula en materias extinguidas.
- Actas en cuadrimestres incorrectos.
- Alumnos/as matriculados/as en cuadrimestres incorrectos. Afecta ás actas e listaxes.
- Matrícula de libre elección en materias non ofertadas ou extinguidas.
- Matrícula de estudantes de primeiro primeira vez incorrecta.
- Aparición de materias extinguidas na avaliación do profesorado.

## Anexo II

### Información sobre soporte técnico

Conéctese co seu navegador web á páxina:

---

<https://xescampus.udc.es>

---

Se vostede, unha vez que leu detidamente a documentación que se achega, ten algunha dúbida ou problema sobre o procedemento, pode poñerse en contacto co persoal da Vicerreitoría de Profesorado e Planificación Docente.

### Preguntas **sobre o procedemento**:

---

<i>María Teresa López Martínez</i>	Xefa do Negociado de Planificación do PDI Servizo de Persoal Docente e Investigador	1072	<a href="mailto:xestionpod@udc.gal">xestionpod@udc.gal</a>
<i>Roberto J. Nuez Sánchez</i>	Secretario da Vicerreitoría de Profesorado e Planificación Docente	1184	<a href="mailto:vppd@udc.gal">vppd@udc.gal</a>

---

### Preguntas de **carácter técnico**:

---

<i>Montse Fernández Casal</i>	Servizo de Informática e Comunicacions	5701	<a href="mailto:axap.sic@udc.gal">axap.sic@udc.gal</a>
-------------------------------	--	------	--

---

No caso de non dispor da clave de acceso a Xescampus debera remitir ao correo electrónico [axap.sic@udc.gal](mailto:axap.sic@udc.gal) o impreso que pode atopar en:

[http://www.udc.gal/export/sites/udc/aspau/galeria\\_down/documentos/Alta\\_Xescampus.doc](http://www.udc.gal/export/sites/udc/aspau/galeria_down/documentos/Alta_Xescampus.doc)



### Anexo III

Modelo de relación de profesorado que titorizou prácticas externas optativas en empresas e outras institucións para a inclusión no POD do curso 2019/2020 - Período: de 01/01/2018 a 31/12/2018

## Plan de ordenación docente 2019/2020

PROFESORADO QUE TITORIZOU PRÁCTICAS OPTATIVAS (do 1 de xaneiro ao 31 de decembro do ano anterior)					
APellidos e nome do profesorado da UDC	ASINA ACTAS SI/NON	NIF	CÓDIGO DA MATERIA	N.º ALUMNOS (aos que se lles titorizaron prácticas)	HORAS (para cubrir polo Negociado de Planificación de PDI)

A Coruña/Ferrol,

(Asinado polo/a secretario/a do centro para as titulacións de grao)

(Asinado polo/a coordinador/a para os mestrados)

V. e pr.

O/A decano/a

O/A director/a

## Anexo IV

Modelo de solicitude de compensación de horas ao profesorado que colaborou en Actividades Docentes dos Centros (AADC) para a inclusión no POD do curso 2019/2020

### Plan Docente Anual (PDA) 2019/2020

CENTRO	APOIO A ACTIVIDADES DOCENTES DOS CENTROS (Non poderán adxudicarse horas a profesorado que teña redución por Actividades de Xestión Universitaria ou contrato a tempo parcial, ou contrato de Axudante)		
	APELIDOS E NOME DO PROFESORADO	NIF (sen puntos nin guións)	HORAS TOTAIS DO PROFESORADO (número enteiro)
Facultade/Escola de _____			
	COORDINADOR/A DE SECCIÓN DEPARTAMENTAL: APELIDOS E NOME	NIF (sen puntos nin guións)	HORAS (10/coordinador)
	TOTAL DE HORAS		
	TITORIZACIÓN DE PRÁCTICAS EXTERNAS EXTRACURRICULARES CURSO 2017/2018 (Non poderán adxudicarse horas a profesorado que teña redución por cargo ou contrato a tempo parcial, ou contrato de Axudante)		
	APELIDOS E NOME DO PROFESORADO	NIF (sen puntos nin guións)	HORAS TOTAIS DO PROFESORADO (número enteiro)

A Coruña/Ferrol \_\_\_ de \_\_\_ de 2019

Decano ou Secretario de Centro